

ACTA N.º 14/2015
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 17 DE DECEMBRO
DE 2015

ASUNTOS

I - PARTE RESOLUTIVA

- I.1.- ACTA ANTERIOR
- I.2.- ACORDO RELATIVO Á APLICACIÓN DA LEI 19/2013, DE 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBIERNO
- I.3.- UBICACIÓN DA BIBLIOTECA MUNICIPAL
- I.4.- ORDEMÁNZA MUNICIPAL DE COVIVENCIA CIUDADÁ E ORNATO PÚBLICO DO CONCELLO DE NIGRÁN: TRÁMITE DE APROBACIÓN DEFINITIVA
- I.5.- ACORDO RELATIVO AO CONTROL DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA
- I.6.- ACORDO RELATIVO Á UTILIZACIÓN DE INSTALACIONES DE CAFETERÍA NO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL "DUNAS DE GAIAR".
- I.7. MOTIÑOS DE URXENCIA:
 - I.7.1. DO GRUPO BNG: APOIO A MAITE MOURIÑO RINCÓN
 - I.7.2. DO GRUPO PP: PARA APOIAR O "CERTAME DE RONDALLAS"

II - CONTROL DOS ORGANOS DE GOBIERNO

- II.1.- RESOLUCIONES DA ALCALDÍA
- II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

Concelleiros/as:

- D.ª Raquel Giráldez Armas
- D. Diego García Moreira
- D. Rubén Rial Sánchez
- D.ª Ana Pérez Pérez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP

- D. Alberto Valverde Pérez
- D. Alberto García Pazos
- D. Modesto Martínez Siñes
- D.ª Liliana Silva Pequeño
- D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorreto
- D. Miguel Alonso Fernández

- NIGRAN DECIDE.

- D. José Cuevas Raposo
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

AUNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaría

. BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

Interventor: D. Modesto Solla Sanz

Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

Outros datos da sesión:

- Data: Xoves, 17 de decembro de 2015
- Lugar de celebración: Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- Carácter da sesión: ordinaria
- Convocatoria: primeira
- Hora de comezo: 20:01
- Hora de remate: 22:44
- Número legal de membros da Corporación: 17
- Número de membros asistentes no momento da constitución: 17

Incidencias:

- a) Alteracións no quórum de asistencia: Non se producen.
- b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 24 de novembro de 2015

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

Votación e acordo. Sometida á votación a acta da sesión do 24 de novembro de 2015 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación



I.2.- ACORDO RELATIVO Á APLICACIÓN DA LEI 19/2013, DE 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBIERNO

A Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do 9 de decembro de 2015, introducindo determinadas modificacións na proposta que quedou sobre a Mesa na sesión do Pleno do Concello de data 24 de novembro de 2015, ditamina favorablemente a seguinte Proposta:

ACORDO RELATIVO A APLICACIÓN DA LEI 19/2013, DE 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBIERNO.

INTRODUCCIÓN

A lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, indica na súa Disposición final novena, relativa a súa entrada en vigor, que os órganos das Entidades Locais disporán dun prazo máximo de dous anos para adaptarse ás obrigacións contidas nesa Lei. Prazo que finaliza o dia 9 de decembro de 2015.

Por outro lado, no acordo relativo á transparencia aprobado polo pleno do Concello Nigrán aprobado o día 24 de setembro conclúise que era necesario determinar e interpretar como se van a cumplir, as diferentes normativas, dada a ambigüidade existente en determinados aspectos destas normas.

É por ello polo que propoñemos este acordo, que non toma a forma de ordenanza, para darlle maior flexibilidade.

PROPOSTAS DE ACORDO

1. O Pleno de Nigrán insta ao Alcalde a:

Primeiro. En aplicación da lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, publicar a seguinte información prevista no Capítulo II 'PUBLICIDADE ACTIVA' do Título I 'TRANSPARENCIA E ACTIVIDAD PÚBLICA', da forma que se indica a continuación:

a) Información institucional, organizativa e de planificación, prevista :

- Organigrama do Concello, con indicación dos teléfonos e correos electrónicos de contacto.
- Nome dos membros da corporación responsábeis de cada órgano, perfil e traxectoria profesional, así como correo electrónico de contacto. A traxectoria profesional será facilitada polo membro da corporación.
- Nome e responsabilidade do persoal eventual.
- Nome dos membros da corporación, perfil e traxectoria profesional, así como correo electrónico de contacto. A traxectoria profesional será facilitada polo membro da corporación.
- Os plans e programas anuais e plurianuais, no momento da súa aprobación.

b) Información de relevancia xurídica:

- As ordenanzas municipais, desde o momento da súa entrada en vigor.
- Os bando da Alcaldía.
- Os regulamentos internos de funcionamento, desde a súa aprobación.
- Os anuncios de exposición pública que deban publicarse nun diario oficial ou ser expostos no taboleiro de anuncios, desde o momento en que son publicados ou expostos.
- O texto completo das ordenanzas, contas anuais, orzamentos, modificacíons orzamentarias que teñan un período de información pública, desde o momento en que estean expostos ao público. Incluiranse as memorias e informes que formen parte do expediente exposto no período de exposición pública.
- Os proxectos de obras públicas durante o período de exposición ao público

c) Información económica, orzamentaria e estatística:

- A información prevista no artigo 8.a da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bon goberno, publicarase no momento de produarse a adxudicación, a renuncia ou a modificación.
- Os pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e os de Prescripcións Técnicas manteranse publicados durante a vida do contrato.
- Trimestralmente publicarase, segundo o anexo I, un cadro resumo dos contratos menores, onde se indicarán en columnas o número de expediente, o obxecto, o orzamento, a duración o número de empresas consultadas, o adxudicatario e o importe de adxudicación (IVE incluído).
- O texto íntegro de todos os convenios, na semana seguinte á súa sinatura. Estarán publicados durante a súa vixencia.
- O texto íntegro das encomendas de xestión realizadas, na semana seguinte á súa realización. Estarán publicados durante a súa vixencia.
- Ós subvencions e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, publicarase anualmente no primeiro trimestre do ano.
- Anualmente, publicaranse datos estadísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público, segundo o anexo II, no primeiro trimestre
- Os orzamentos completos publicaranse na semana seguinte á súa aprobación definitiva
- Publicaranse as modificacíons orzamentarias na semana seguinte á súa aprobación definitiva. Trimestralmente publicaranse o orzamento incluíndo os créditos iniciais, as modificacíons de crédito e os créditos definitivos. (Ver anexo III "modificacións orzamentarias")
- As contas anuais publicaranse mediante un enlace ao portal de rendición de contas do Consello de Contas, cando se publique neste portal.
- Anualmente no primeiro trimestre as retribucións e indemnizacións por asistencias a órganos colexiados de todos os membros da corporación e do persoal eventual
- Anualmente as asignacións aos Grupos Políticos Municipais.
- As resolucións de autorización ou recoñecemento de compatibilidade que afecten aos



empregados públicos así como as que autoricen o exercicio de actividad privada ao cese dos altos cargos da Administración Xeral do Estado ou assimilados segundo a normativa autonómica ou local, no momento de ditarse.

- As declaracions anuais de bens e actividades dos representantes locais, nos termos previstos na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local, Publicarase anualmente o resumo previsto na declaración anual aprobada polo pleno do Concello de Nigrán, na semana seguinte a que sexan presentadas, e permanecerán publicadas un período mínimo dun ano.
- O custo efectivo dos servizos públicos que presta o Concello de Nigrán, no momento de ser enviados ao ministerio de facenda.
- A relación dos bens inmobilés que sexan da súa propiedade ou sobre os que ostenten algún dereito real.

d) Publicar a seguinte información medioambiental e urbanística.

- Os datos relativos á calidade dos recursos naturais e do medio ambiente urbano, que incluirán como mínimo a calidade da auga, tanto das fontes públicas, do servizo de abastecemento como as de ríos e marismas.
- Os estudos de impacto ambiental, paisaxísticos e avaliacions do risco relativos a elementos medioambientais.
- O texto completo e a planimetria dos instrumentos de planeamento urbanístico e as súas modificacións. Esta publicación realizarase directamente polo concello ou mediante un enlace a unha páxina que os teña publicitados.
- Os convenios urbanísticos.

e) Publicar a seguinte información relativas ao emprego e as actividades realizadas polo Concello

- A oferta de emprego público.
- Tódolos procesos de selección e provisión de postos de traballo, sexan funcionarios ou laborais, fixos ou temporais, con indicación expresa dos criterios de selección. Esta publicación realizarase antes de comezar o proceso de inscrición.
- Tódolos procesos de selección para becas, con indicación expresa dos criterios de selección. Esta publicación realizarase antes de comezar o proceso de inscrición.
- Tódalas actividades que realiza o Concello, con indicación expresa dos criterios de selección, en caso de que o número de participantes sexa limitado. Esta publicación realizarase antes de comezar o proceso de inscrición. (Cursos de formación, actividades culturais, deportivas etc.)

Segundo. Publicar no prazo de tres mes desde a entrada en vigor da Lei 19/2013, de 9 de decembro, publicaranse todos os plans e programas anuais, contratos, convenios, encomendas de xestión que continúen vixentes no momento da aprobación deste acordo.

ANEXO I

EXPEDIENTES DE CONTRATOS MENORES ADXUDICADOS NO X TRIMESTRE DO ANO XXXX

EXPED.	OBJECTO	DURACIÓN	Nº DE EMPRESAS CONSULTADAS	ORZAMENTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE ADXUDICACIÓN (IYE INCLUIDO)

ANEXO II

PORCENTAXE EN VOLUME ORZAMENTARIO DOS CONTRATOS ADXUDICADOS			
Procedemento	Nº de Contratos adxudicados	Porcentaxe dos contratos adxudic.	Cantidade total

ANEXO III "Modificacións orzamentarias"

RESUMO DO ORZAMENTO E AS MODIFICACIÓNS NO X TRIMESTRE DO ANO XXX				
Descripción funcional	Clasificación económica de gastos	Descripción económica de gastos	Créditos orzamentarios iniciais	Modificacións de créditos orzamentarios

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. José Cuevas Raposo, Presidente da Comisión: A lei de transparencia entrou en vigor este mes para as entidades locais. É moi xenérica. Agora buscase concretar a forma de cumplir as obrigas legais mediante as publicacións preceptivas na web do Concello

Votación e acordo.. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se faí constar:

- Votos a favor. 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra. Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa mayoría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.3.- UBICACIÓN DA BIBLIOTECA MUNICIPAL

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 10 de decembro de 2015, vistas as mocións presentadas polo grupo popular e polo grupo Nigrán Decide, propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

"Que se creé unha mesa de dialogo no que participen todos os grupos municipais, o arquitecto municipal, bibliotecarios e un representante do foro "Nigrán para todos", para definir no prazo de seis meses desde a adopción deste acordo as características e dimensións que debe ter, os servizos que debe prestar e o emprazamento da futura biblioteca de Nigrán tendo en conta opcións sustentables e ecolóxicas."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Da conta da proposta da comisión informativa, que refunde as iniciativas do PP e de Nigrán Decide

D. Modesto Martínez Siñes, do grupo Popular: Os motivos están claros. A actual biblioteca non é axeitada. Quedou obsoleta polas súas dimensións e a falla de accesibilidade. Hai unha demanda de cambio polos usuarios. É necesario buscar un consenso para resolver o problema.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Están de acordo en que a actual tén defectos estruturais. Por iso chegaron a un acordo na comisión.

D. Antonio Fernández Comesalle, do grupo UCN: Votará a favor.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Levaban esta cuestión no seu programa, prevendo un mellor e más amplio edificio. Celebran o consenso. Pide que se dean pasos para dar resposta a esta demanda

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar.

- Votos a favor. 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra. Ningún.
- Abstencions: Ningunha

Coa mayoría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.4.- ORDENANZA MUNICIPAL DE CONVIVENCIA CIDADÁ E ORNATO PÚBLICO DO CONCELLO DE NIGRÁN: TRÁMITE DE APROBACIÓN DEFINITIVA

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 10 de decembro de 2015 dictamina favorablemente a proposta formulada pola Alcaldía-Presidencia, que na súa parte expositiva di o seguinte:

"1. Na sesión plenaria do 26/02/15 acordouse aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal de convivencia cidadá e ornato público do Concello de Nigrán (no sucesivo, OCCOP), introducindo unha serie de modificacóns sobre o texto proposto nun principio.

2. Aberto o periodo de información pública, formuláronse alegacións por D^a M^a Jesús López López e polo Partido Socialista de Nigrán. Logo da solicitude da alcaldía, emituse polo técnico de administración xeral informe de valoración das alegacións do 28/04/15

3. En relación coas alegacións formuladas por D^a M^a Jesús López López, propóñese a súa íntegra desestimación. Considerérase que a redacción actual da ordenanza, en congruencia co resto do ordenamento xurídico, constitúe un marco suficiente para ordenar as relacións de veciñanza na concreta materia á que alude o art. 19, non debendo caerse en inxerencias excesivas e inxustificadas na vida dos veciños.

4. En relación coas alegacións formuladas polo Partido Socialista de Nigrán, propónese a estimación parcial das alegacións, plantexándose a modificación das seguintes artigos.

Artigo 11.- Prevención do "botellón".

Redacción inicial

1. Prohibese a venda de alcohol entre as 22:00 horas e as 9:00 horas do día seguinte. Quedan excluidas da anterior prohibición a venda para o consumo nos propios establecementos autorizados, a venda para distribución a profesionais e a venda nos mercados de abastos, nos seus horarios autorizados.

2. Prohibese a distribución ou suministro de bebidas alcohólicas nos espazos públicos, mesmo dende vehículos ou instalacións, agás nos supostos expresamente autorizados polo Concello.

3. Enténdese como "botellón" o consumo de bebidas, normalmente alcohólicas, nas vías ou espazos públicos, por un grupo de persoas, cando, como consecuencia da concentración das mesmas ou da acción de consumo, se poda alterar a convivencia cidadá, deteriorar a tranquilidade da contorna ou provocar nela situacions de insalubridade. Esta práctica prohibese nos espazos públicos de Nigrán.

Non se entenderá que existe "botellón" cando o consumo se realice en terrazas de hostalaría autorizadas, nas feiras, romerías ou festexos populares, e naqueles outros supostos que disponan do correspondente título habilitante, sempre que non se produzcan alteracións do orde público.

Aos efectos do anterior, considerarase que se altera a convivencia cidadá cando concorran almenos dous das seguintes circunstancias:

- a) Que exista concentración dun elevado número de persoas, en relación coas dimensións do espazo público e a densidade de vivendas na súa contorna.
- b) Que as concentracións terán carácter regular e continuado no tempo, non considerándose as concentracións de persoas ocasionais ou puntuais.
- c) Que existan queixas cidadás reiteradas denunciando molestias derivadas das concentracións aludidas.



- d) Que existan problemas hixiénico-sanitarios, insalubridade ou ruidos e molestias á veciñanza.
- e) Que existan actos vandálicos producidos na zona que ocasionen danos en bens públicos ou privados.

Redacción proposta

1. Prohibese a venda de alcohol entre as 22:00 horas e as 9:00 horas do día seguinte. Quedan excluidas da anterior prohibición a venda para o consumo nos propios establecementos autorizados, a venda para distribución a profesionais e a venda nos mercados de abastos, nos seus horarios autorizados.
2. Prohibese a distribución ou suministro de bebidas alcohólicas nos espazos públicos, mesmo dende vehículos ou instalacións, agás nos supostos expresamente autorizados polo Concello.
3. Enténdese como "botellón" o consumo de bebidas alcohólicas nas vias ou espazos públicos, por un grupo de persoas, cando, como consecuencia da concentración das mesmas ou da acción de consumo, se poda alterar a convivencia cidadá, deteriorar a tranquilidade da contorna ou provocar nela situacións de insalubridade. Esta práctica prohibese nos espazos públicos de Nigrán.

Non se entenderá que existe "botellón" cando o consumo se realice en terrazas de hostalaría autorizadas, nas feiras, romerías ou festexos populares, e naqueles outros supostos que disponfan do correspondente título habilitante, sempre que non se produzan alteracións do orde público.

Aos efectos do anterior, considerarase que se altera a convivencia ou tranquilidade cidadá cando concorran almenos dúas das seguintes circunstancias

- a) Que exista concentración dun elevado número de persoas, en relación coas dimensións do espazo público e a densidade de vivendas na súa contorna.
- b) Que as concentracións terán carácter regular e continuado no tempo, non considerándose as concentracións de persoas ocasionais ou puntuais.
- c) Que existan queixas cidadáns reiteradas denunciando molestias derivadas das concentracións aludidas.
- d) Que existan problemas hixiénico-sanitarios, insalubridade ou ruidos e molestias á veciñanza.
- e) Que existan actos vandálicos producidos na zona que ocasionen danos en bens públicos ou privados.

Artigo 13.- Ocupación do espazo público por condutas que adopten formas de mendicidade.

Redacción inicial

1. Prohibense as condutas que, baixo a apariencia de mendicidade, representen actitudes coercivas ou de acoso, ou obstaculicen e impidan o libre tránsito dos ciudadáns ou vehículos polos espazos públicos.
2. Prohibente con carácter xeral na totalidade dos espazos públicos do municipio as actividades de gardería, vixilancia ou asistencia ao estacionamento de vehículos, así como outras semellantes.

Propónese a supresión deste precepto.

Artigo 18.- Presenza de animais nos espazos públicos.

Redacción inicial

1. Nos espazos públicos os cans deberán estar suxeitos por cadea ou correia. Os propietarios de animais potencialmente perigosos deberán respectar, ademais, a normativa específica que regula a súa tenza.
2. Prohibese a circulación ou estadia dos cans e cabalos nas pralas e nos espazos públicos de acceso a elas no período comprendido entre o primeiro de xuño e o 30 de setembro de cada ano así como naqueles outros casos nos que se produzan congregacións elevadas de persoas, ben por eventos organizados ou polas condicións meteorolóxicas. Exceptúanse da prohibición anterior os cans-guía de invidentes e minusválidos, así como nos casos de competicións, exhibicións ou mostras que contén co correspondente título habilitante.

Redacción proposta

Prohibese a circulación ou estadia dos cans e cabalos nas pralas e nos espazos públicos de acceso a elas no período comprendido entre o primeiro de xuño e o 30 de setembro de cada ano así como naqueles outros casos nos que se produzan congregacións elevadas de persoas, ben por eventos organizados ou polas condicións meteorolóxicas. Exceptúanse da prohibición anterior os cans-guía de invidentes e minusválidos, así como nos casos de competicións, exhibicións ou mostras que contén co correspondente título habilitante.

Artigo 23.- Uso inadecuado da vía pública.

Redacción inicial

Prohibese a práctica de acrobacias e xogos de habilidade con bicicletas, patins, monopatins ou similares fora das áreas destinadas a tal efecto, así como a utilización do mobiliario urbano cos ditos fins.

Redacción proposta



Prohibese nas zonas urbanas a práctica de acrobacias e xogos de habilidade con bicicletas, patins, monopatins ou similares fora das áreas destinadas a tal efecto, así como a utilización do mobiliario urbano cos ditos fins.

Artigo 26.- Circulación de bicicletas.

Redacción inicial

1. As persoas que se despracen en bicicleta, patins, monopatins, patinetes ou aparatos semellantes deberán facelo de conformidade coas normas xerais de circulación. Deberá empregarse o carril-bici ou beirarrúa-bici no caso de que existan.
2. O Concello poderá delimitar vías ciclistas sobre as beirarrúas (beiramúas-bici), cando as condicións o permitan.

Redacción proposta

1. As persoas que se despracen en bicicleta, patins, monopatins, patinetes ou aparatos semellantes deberán facelo de conformidade coas normas xerais de circulación.
2. O Concello poderá delimitar vías ciclistas sobre as beirarrúas (beiramúas-bici), cando as condicións o permitan.

Deliberación.- Síntese das intervencións

Sr. Alcalde-Presidente: Explica as fases do proceso seguido.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: Satisfairos que se peche este tema. Critica que o PSOE medio estime a alegación que presentou e que se deixe de lado a dunha veciña que tamén alegou. No tema das galinhas, que xerou unha polémica infundada, mantense igual. O que se toca no artigo 11 é unha palabra. Sobre acrobacias na rúa, só se introduce unha pequena variación. Quitase algúns referencia aos cans nas vías públicas; cuestión xa regulada na normativa autonómica. Alégrase de que se conte cun instrumento para mitigar o botellón, ainda que as formas na tramitación puideron ser mellores.

Sr. Alcalde-Presidente. No texto emprégase a palabra "minusválidos" e propón cambiála pola expresión " persoas con discapacidade".

D. José Cuevas Reposo, do grupo Nigrán Decide. Absteranse. Pensan que hai aspectos dubidosos coma o das "zonas urbanas" ou "espazos públicos". No tema das autocaravanas parece que a prohibición queda aprazada ata dispor de espazos habilitados. No que se refire á publicidade o texto tamén é moi resintivo se non se habilitan espazos. A conexión obligatoria no saneamento debería poder contar con financiamento municipal cando a persoa non teña medios. Parece que con pagar a multa chega. Hai artigos que sobran porque se remiten a leis.

D. Antonio Fernández Comesaría, do grupo UCN. Absterase polos motivos expresados na aprobación inicial.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: O BNG fixo achegas na aprobación inicial. Así a necesidade dun seguro para organizar actos nos espazos públicos. O dos galileiros xa se comixira na aprobación inicial. A prohibición para autocaravanas limitouse á pernocta e supedouse á habilitación de espazos. Tamén apoíaron o manteñemento da obriga de materializar as cesións. Na aprobación inicial abstiveronse, porque non se atendeu á súa proposta de rebaixar as sancións, dado que estas deben ter un carácter de concienciación. Por isto mantéñen a súa postura. No tema da mendicidade é acertado retirar ese concreto parágrafo, pero deberíase manter o aspecto da condutas coactivas e de acoso.

Sr. Alcalde-Presidente: As condutas coactivas e de acoso están prohibidas de seu. O mesmo pasa co tema dos cans, no que hai unha norma que xa o regula. Pensa que se mellora sobre o aprobado inicialmente e é suscetible de cambios no futuro.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 13; PSOE e PP.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 4; Nigrán Decide, UCN e BNG

Coa mayoría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta diltaminada pola Comisión Informativa co único cambio de substituir no texto da ordenanza a palabra "ministrávulos" pola expresión " persoas con discapacidade" quedando a parte dispositiva do acordo redactada nos seguintes termos:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións formuladas por D^a M^a Jesús López López e estimar parcialmente as alegacións presentadas polo Partido Socialista de Nigrán, modificando os arts. 11, 18, 23 e 26 e suprimindo o art. 13 do texto aprobado inicialmente da Ordenanza municipal de convivencia cidadá e ornato público do Concello de Nigrán, de acordo co indicado no punto 4 da presente proposta.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a Ordenanza municipal de convivencia cidadá e ornato público do Concello de Nigrán coas modificacións indicadas no apartado precedente, e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, facultando ao Alcalde para a realización das xestións oportunas a este fin, quedando redactado o texto definitivo e refundido nos seguintes termos:

ORDENANZA MUNICIPAL DE CONVIVENCIA CIDADÁ E ORNATO PÚBLICO DO CONCELLO DE NIGRÁN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A potestade regulamentaria municipal constitúe un instrumento mais para encauzar as regras do xogo da convivencia cidadá.

O Concello de Nigrán ten a consideración de municipio turístico aos efectos do previsto na Sección Primeira, Capítulo Quinto, Título Primeiro da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de



Administración Local de Galicia, circunstancia que reforza a necesidade de garantir niveis de excelencia no que se refire á relación dos visitantes e dos cidadáns co espazo público, na garantía do repouso e descanso dos veciños e, en definitiva, na preservación do espazo público como lugar de convivencia e civismo.

A presente ordenanza recolle nos seus diferentes títulos un compendio de disposicións encamiñadas a acadar os obxectivos de excelencia mencionados.

O Título Preliminar incorpora o marco obxectivo e subxectivo de aplicación da ordenanza e recolle unha carta de dereitos e obrigas dos cidadáns en orde a acadar unha convivencia axeitada.

O Título I recolle unha serie de determinacións en materia de protección e ornato dos espazos públicos, co fin de acadar que o aspecto dos ditos espazos acade os niveis pretendidos.

O Título II percura establecer unha serie de regras básicas coas que se pretende acabar coas molestias xeradas por prácticas como o "botellón", facilitar a coexistencia con animais e garantir un uso respectuoso das praias do municipio.

O Título III contén certas determinacións relativas ao uso das vias públicas para conciliar o seu uso normal con formas alternativas de mobilidade, e para garantir que se da cumprimento ás obrigas que competen aos cidadáns en materia de urbanización.

Por último, o Título IV corresponde ao réxime sancionador, que deberá coordinarse coa normativa xeral en materia de protección da seguridade cidadá, e que deberá servir para garantir o cumprimento das regras anteriormente definidas.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1.- Obxecto da ordenanza.

Esta Ordenanza ten por obxecto:

- Preservar o espazo público como lugar de convivencia e civismo, no que todas as persoas podan desenvolver en liberdade as súas actividades de libre circulación, ocio, encontro e recreo, con pleno respecto á dignidade e aos dereitos dos demais.
- Protexer os bens públicos e as instalacións e elementos que forman parte do patrimonio municipal fronte ás agresións, alteracións, danos e/ou usos indebidos de que podan ser obxecto, a sanción das condutas involucradas e a reparación ou indemnización dos danos causados.
- Previr calquera actuacións perturbadoras da convivencia cidadá e establecer normas que favorezan o seu normal desenvolvemento, o uso e disfrute do espazo e bens públicos, así como a súa conservación e protección.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

A presente Ordenanza aplica-se na totalidade do territorio do termo municipal de Nigrán. As medidas de protección comprenden todos os bens de titularidade pública tales como edificacións e instalacións, mobiliario urbano, viario e urbanización, parques, xardins e montes públicos, fontes e lavadoiros, vehículos e outros.

A Ordenanza aplica-se tamén respecto de espazos, construcións, instalacións e bens de titularidade privada cando dende eles se realicen condutas ou actividades que afecten ou podan afectar negativamente á convivencia nos espazos e bens públicos indicados anteriormente, ou cando o descoldo ou a súa falta de mantemento poda implicar consecuencias negativas para a convivencia no espazo público.

Artigo 3.- Obrigas xerais de convivencia e protección dos bens públicos.

1. Os cidadáns están obrigados a respectar a convivencia e a tranquilidade cidadá.
2. Os bens e servizos públicos deben usarse de acordo coa súa natureza e destino, respectando o dereito dos demais cidadáns a desfrutalos.
3. Queda prohibida calquera conduta que supoña un mal uso dos espazos ou bens públicos, ou xere sueldade ou danos neles.

TÍTULO I PROTECCIÓN E ORNATO DE ESPAZOS PÚBLICOS

Artigo 4.- Deber de conservación.

De conformidade co previsto na lexislación urbanística e do solo, os propietarios de terreos, construcións e instalacións teñen o deber de mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato.

Artigo 5.- Graffitis, pintadas e outras expresións gráficas.

Prohibese a realización de calquera tipo de graffiti, pintada, mancha, garabato ou inscrición, con calquera material (tinta, pintura, materia orgánica ou semellantes), así como o raiado de superficies, sobre calquera tipo de fachadas (exteriores, interiores, medianeiras e cubertas de edificios públicos ou privados), ou en elementos, bens ou instalacións públicas.

O Concello poderá autorizar de xeito puntual murais ou graffitis artísticos en elementos, bens ou instalacións públicas, ou en elementos privados, neste caso coa previa autorización do seu propietario.

Artigo 6.- Ornato dos locais comerciais.

Os locais comerciais e baixos das edificacións deberán ter as súas fachadas revestidas e pintadas, non admitíndose remates en ladrillo.

O Concello poderá ordenar a execución das obras necesarias para o remate das partes indicadas das edificacións, de conformidade co previsto na lexislación urbanística.



Artigo 7.- Publicidade.

Prohibese a colocación de carteis, rótulos, pancartas, adhesivos ou calquera outra forma de publicidade, anuncio ou propaganda sobre calquera elemento, ben ou instalación pública, agás nos lugares expresamente habilitados ao efecto pola autoridade municipal, e previa a obtención do correspondente título habilitante.

A efectos da imposición de sancións, considerarase responsable da infracción do previsto no parágrafo anterior ás empresas ou entidades anunciantes e a quien realizase a instalación ou colocación.

Artigo 8.- Instalacións normalizadas.

O Concello poderá establecer modelos normalizados e especificar materiais para as diferentes instalacións e mobiliario que se empregarán polos particulares nas diversas formas de ocupación do dominio público.

Artigo 9.- Prevención do vandalismo.

Prohibense os actos vandálicos e as condutas negligentes no uso do mobiliario urbano que xeren situacións de risco ou perigo para a saúde e a integridade física das persoas ou dos bens, ou causen danos nos elementos, bens ou instalacións públicas.

TÍTULO II CONVIVENCIA CIDADÁ

Artigo 10.- Consumo fora das terrazas de hostalaría.

As consumicións de todo tipo que dispensen os establecementos públicos deberán realizarse no interior do establecemento ou, no seu caso, nas terrazas convenientemente autorizadas ao abeiro da Ordenanza reguladora das terrazas e doutras ocupacións do dominio público municipal (BOP nº 135 do 16/07/10).

Os titulares dos establecementos públicos que permitan as consumicións fora do seu establecemento ou da terraza convenientemente autorizada serán considerados responsables das molestias que se podan producir, aos efectos da aplicación do réxime sancionador correspondente.

Artigo 11.- Prevención do "botellón".

1. Prohibese a venda de alcohol entre as 22:00 horas e as 9:00 horas do día seguinte. Quedan excluidas da anterior prohibición a venda para o consumo nos propios establecementos autorizados, a venda para distribución a profesionais e a venda nos mercados de abastos, nos seus horarios autorizados.
2. Prohibese a distribución ou suministro de bebidas alcohólicas nos espazos públicos, mesmo dende vehículos ou instalacións, agás nos supostos expresamente autorizados polo Concello.

3. Enténdese como "botellón" o consumo de bebidas alcohólicas nas vias ou espazos públicos, por un grupo de persoas, cando, como consecuencia da concentración das mesmas ou da acción de consumo, se poda alterar a convivencia cidadá, deteriorar a tranquilidade da contorna ou provocar nela situacións de insalubridade. Esta práctica prohibese nos espazos públicos de Nigrán.

Non se entenderá que existe "botellón" cando o consumo se realice en terrazas de hostalaría autorizadas, nas feiras, romarias ou festexos populares, e naqueles outros supostos que disponen do correspondente título habilitante, sempre que non se produzan alteracións do orde público.

Aos efectos do anterior, considerarase que se altera a convivencia ou tranquilidade cidadá cando concorran almenos dúas das seguintes circunstancias:

- a) Que exista concentración dun elevado número de persoas, en relación coas dimensións do espazo público e a densidade de vivendas na súa contorna.
- b) Que as concentracións terán carácter regular e continuado no tempo, non considerándose as concentracións de persoas ocasionais ou puntuais.
- c) Que existan queixas cidadás reiteradas denunciando molestias derivadas das concentracións aludidas.
- d) Que existan problemas hixiénico-sanitarios, insalubridade ou ruidos e molestias á veciñanza.
- e) Que existan actos vandálicos producidos na zona que ocasionen danos en bens públicos ou privados

Artigo 12.- Celebración de actos e eventos en espazos públicos

Os organizadores de actos ou eventos en espazos públicos deben garantir a seguridade das persoas e dos bens. A tales efectos deben cumplir coas condicións de seguridade xerais e de autoprotección legalmente esixibles, así como coas que se fixen para cada caso particular polo órgano competente. Cando as circunstancias o aconsellen, o Concello poderá esixir aos organizadores que constitúan unha garantía e/ou subscriban unha póliza de seguro para responder dos danos e prexuzos que podan causarse. O Concello esixirá aos organizadores o cumprimento dos requisitos previstos na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e normativa concordante.

Artigo 13.- Necesidades fisiolóxicas.

Prohibese a realización de necesidades fisiolóxicas nos espazos públicos.

Artigo 14.- Resíduos urbanos.

1. Os resíduos sólidos urbanos depositaranse no interior dos contedores e papeleiros habilitados polo Concello ou nas instalacións do punto limpo de Nigrán, de conformidade co seu regulamento de xestión (BOP nº 134 do 14/07/14). A efectos de todo o anterior



respectaranse as determinacións aplicables en materia de recollida selectiva de residuos.

2. Os residuos orgánicos depositaranse no interior de bolsas plásticas convenientemente atadas e aseguradas para evitar o esparexemento dos residuos no interior do contedor. En ningún caso depositaranse os restos de podas, polas de árbores nin outros restos vexetais nos contedores.
3. Prohibese botar aos espazos públicos calquera tipo de residuo ou desperdicio, restos de poda, móveis ou residuos de obras de construcción e demolición, así como os produtos líquidos, lixivias ou deterxentas procedentes da limpeza dos locales ou vivendas.

Artigo 15.- Residuos de animais domésticos.

As persoas que levan animais domésticos (inclusive animais de granxa) por espazos públicos deberán recoller os excrementos sólidos que os mesmos depositen nos ditos espazos. As dexeccións recollidas deberán introducirse nunha bolsa plástica convenientemente atada e depositarse nos contedores para residuos orgánicos.

Artigo 16.- Conexión á rede municipal de saneamento.

1. A conexión á rede municipal de saneamento e a súa utilización efectiva será obligatoria para todos os usuarios (vivendas, negocios, etc) que se atopen a menos de 100 metros desta. O punto exacto de conexión coa rede municipal será determinado polos servizos técnicos municipais, ainda que como consecuencia de lo deba superarse esa distancia.

A distancia medirase dende o límite da parcela que dea fronte á vía que conta co servizo de saneamento. No caso de que a parcela dea fronte a varias vías que contan co dito servizo, a conexión realizarase do xeito menos gravoso para o interesado.

2. Cando non exista obriga de conexión, os usuarios deberán estar provistos de sistemas autónomos de saneamento (fosas sépticas ou similares) que non supoñan un risco para o medio ambiente. Estes sistemas de depuración, que implicarán un vertido directo ou indirecto a dominio público, deberán estar autorizados polo organismo de conca ou administración hidráulica competente.

Corresponde ao usuario a limpeza periódica, conservación e manemento dos devanditos sistemas autónomos de saneamento, así como o envío dos residuos xerados a un xestor autorizado.

3. Cando, como consecuencia dunha actuación pública ou privada autorizada, un usuario pase a dispor dunha rede de saneamento municipal a menos de 100 metros medidos segundo o expresado no apartado 1º, deberase conectar obligatoriamente a esa rede e utilizala logo de requirimento municipal, no prazo que neste se fixe e ao seu custe. A conexión implica a clausura dos sistemas autónomos de saneamento preexistentes. Se no prazo de tres meses dende a posta en servizo da nova acometida non se clausurara o sistema autónomo anterior, o Concello procederá a executar os traballos necesarios de forma subsidiaria, correndo os gastos por conta do particular.

Artigo 17.- Presenza de animais nos espazos públicos.

Prohibése a circulación ou estadía dos cans e cabalos nas praias e nos espazos públicos de acceso a elas no período comprendido entre o primeiro de xuño e o 30 de setembro de cada ano, así como naqueles outros casos nos que se produzan congregacións elevadas de persoas, ben por eventos organizados ou polas condicións meteorolóxicas. Exceptúanse da prohibición anterior os cans-guía de invidentes e persoas con discapacidade, así como nos casos de competicións, exhibicións ou mostras que contén co correspondente título habilitante.

Artigo 18.- Animais en zonas urbanas.

Prohibíense nas zonas urbanas as explotacións agrarias tales como vaquerías, establos, cuadras, corrais de gando, aves ou coellos, canceiras e outras actividades de cría de animais, agás as pequenas explotacións destinadas ao autoconsumo. Neste último caso os propietarios deberán establecer as medidas hixiénico-sanitarias precisas para evitar a causación de molestias á veciñanza, e garantir o bo estado dos animais.

Artigo 19.- Convivencia nas praias.

Prohibése a circulación, parada ou estacionamento de todo tipo de vehículos nos paseos marítimos peonís e praias do municipio, agás os autorizados.

Artigo 20.- Acampada.

1. A acampada nos espazos de titularidade municipal requirirá da previa e preceptiva autorización do Concello.
2. Prohibése a acampada libre nas praias do municipio, así como naquelhas zonas que estean incluídas na servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre ou hidráulico. Para a acampada na zona de polaia do dominio público hidráulico requirirase a previa obtención da autorización do organismo de conca correspondente.

Artigo 21.- Limpeza de fincas privadas.

As fincas sitas en calquera clase de solo deberán manterse en condicións de seguridade, salubridade e ornato, respectando a lexislación en materia de prevención dos incendios forestais.

En particular, as fincas que se atopen dentro do solo urbano ou de núcleo rural e sexan linderas con parcelas edificadas deberán estar libres de maleza, e as polas das árbores que eventualmente se atopen naquelhas non poderán invadir as citadas parcelas edificadas linderas. O Concello poderá ordenar a execución das actuacións precisas para dar cumprimento ás anteriores previsións, de conformidade co previsto na lexislación urbanística.

TÍTULO III USO DAS VÍAS PÚBLICAS



Artigo 22.- Uso inadecuado da vía pública.

Prohibese nas zonas urbanas a práctica de acrobacias e xogos de habilidade con bicicletas, patins, monopatíns ou similares fora das áreas destinadas a tal efecto, así como a utilización do mobiliario urbano cos ditos fins.

Artigo 23.- Delimitación de zonas peonís.

Por razóns de seguridade, pola celebración de eventos puntuais ou por outros motivos xustificados, o Concello poderá delimitar zonas de prioridade peonil nas que se poderá restrinxir total ou parcialmente a circulación e o estacionamento de vehículos, determinando as condicións concretas en que deberá desenvolverse a circulación na zona afectada.

Artigo 24.- Autocaravanas.

1. O Concello poderá establecer zonas especiais de acollida exclusivamente para autocaravanas e caravanas en tránsito consistentes en espazos de terreo debidamente delimitados, dotados e acondicionados, abertos ao usuáño turístico para a súa ocupación transitoria, non podendo exceder a estadía dunha noite.

2. Prohibese o estacionamento nas vías ou espazos públicos dos vehículos anteriores fora das zonas especiais, unha vez establecidas estas polo Concello, cando o dito estacionamento se realice con finalidade residencial ou de pernocta.

Entenderase que existe a dita finalidade cando concorran, entre outros, os seguintes indicios:

- a) Que o vehículo non estea en contacto co chan exclusivamente a través das rodas.
- b) Que o vehículo ocupe espazo ou voo público a través de fiestras proxectables abertas, mesas, cadeiras, toldos estendidos, ou calquera outro útil fora da mesma.

Artigo 25.- Circulación de bicicletas.

1. As persoas que se despracen en bicicleta, patins, monopatíns, patinetes ou aparatos semellantes deberán facelo de conformidade coas normas xerais de circulación.

2. O Concello poderá delimitar vías ciclistas sobre as beirarrúas (beirarrúas-bici), cando as condicións o permitan.

Artigo 26.- Garantía para a reposición da urbanización.

Cando a execución de obras privadas de calquera clase podan supoñer un risco para a integridade dos elementos da urbanización, o Concello poderá imponer como condicionamento no correspondente título habilitante da obra a necesidade de prestar unha garantía polo importe aproximado da reposición dos elementos de urbanización e servizos que podan verse afectados.

O importe da garantía será valorado a tales efectos polos servizos técnicos municipais.

Artigo 27.- Incorporación material de cesións ao dominio público.

1. As cesións de terreos para a ampliación ou regularización do viario público esixibles legalmente como condicionamento para o outorgamento dunha licenza urbanística ou outro título habilitante, deberán materializarse no prazo concedido no dito título para o inicio das obras.

A materialización da cesión comprenderá a retirada dos terreos cedidos de calquera instalacións, construcións, peches, cerramentos ou semellantes.

2. En caso de incumprimento, e sen prexulzo da sanción correspondente, o Concello poderá ordenar ao interesado a execución das obras necesarias para acadar a materialización da cesión.

TÍTULO IV RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 28.- Inspección.

Corresponde aos axentes da Policia Local e, no seu caso, aos servizos técnicos municipais, a inspección e control do cumprimento do disposto na presente Ordenanza.

Artigo 29.- Potestade sancionadora.

As infraccións a esta Ordenanza serán sancionadas polo órgano competente municipal, previa instrución do correspondente expediente, de conformidade cos principios e procedemento regulados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e no Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se regula o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 30.- Infraccións.

Constitúen infraccións a esta ordenanza os actos ou omisións que contraveñan o disposto nela, e se clasifican en leves, graves e moi graves.

Artigo 31.- Responsables.

Serán responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas titulares das instalacións ou elementos que ocupen o dominio público, ou os que desenvolván a actividade infractora.

Artigo 32.- Infraccións cometidas por menores de idade.

1. Cando as persoas infractoras sexan menores de idade, poderán substituirse as sancións pecuniarias por medidas correctoras, tales como asistencia a sesións formativas, traballos para a comunidade ou calquera outro tipo de actividade de carácter cívico. Estas medidas adoptaranse motivadamente en función do tipo de infracción e serán proporcionais á sanción que reciba a conducta infractora.



2. Sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria dos pais, tutores ou gardadores polas accións dos menores de idade que dependan deles, aqueles tamén serán responsables directos e solidarios das infracções cometidas polos menores que se atopen baixo a súa tutela, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia.

Artigo 33.- Infraccóns leves.

Consideráranse infracções leves:

- O incumprimento das obrigas ou prohibicións previstas nesta ordenanza, cando non alteren de xeito grave ou moi grave a convivencia cidadá, a tranquilidade ou o exercicio de dereitos de outras persoas, o normal desenvolvemento de actividades de toda clase, ou non afecten de xeito grave ou moi grave á salubridade, urbanización ou ornato públicos.
- O incumprimento das obrigas ou prohibicións previstas nesta ordenanza que non sexa constitutiva de infracción grave ou moi grave.

Artigo 34.- Infraccóns graves.

Consideráranse infracções graves:

- A reiteración ou reincidencia en calquera infracción leve.
- O incumprimento da obrigá de conectarse á rede municipal de saneamento (art. 16).
- O incumprimento das previsións desta ordenanza en materia de prevención do "botellón" dirixidas a vendedores ou distribuidores de alcohol (art. 11.1).
- O incumprimento das obrigas ou prohibicións previstas nesta ordenanza, cando alteren de xeito grave a convivencia cidadá, a tranquilidade ou o exercicio de dereitos de outras persoas, o normal desenvolvemento de actividades de toda clase, ou afecten de xeito grave á salubridade, urbanización ou ornato públicos.

Artigo 35.- Infraccóns moi graves.

Consideráranse infracções moi graves:

- A reiteración ou reincidencia en calquera infracción grave.
- O incumprimento das obrigas ou prohibicións previstas nesta ordenanza, cando alteren de xeito moi grave a convivencia cidadá, a tranquilidade ou o exercicio de dereitos de outras persoas, o normal desenvolvemento de actividades de toda clase, ou afecten de xeito moi grave á salubridade, urbanización ou ornato públicos.
- Os actos de deterioro grave e relevante de equipamentos, infraestruturas, instalacións ou bens públicos.

- d) O impedimento do uso dun espazo público por outra ou outras persoas con dereito á sua utilización.
- e) O incumprimento da obriga de incorporar materialmente as cesións de terreos ao dominio público (art. 27).

Artigo 36.- Sanclóns.

1. As infraccións a esta Ordenanza tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas

- As leves, con multa de ata 100 €.
- As graves, con multa de 101 € ata 300 €.
- As moi graves, con multa de 301 € ata 600 €.

2. Para a modulación das sancións atenderase á existencia de intencionalidade ou reiteración, á natureza e intensidade dos prexuízos causados, ao beneficio obolido, á reincidencia pola comisión de infraccións previstas nesta Ordenanza recollidas en resolución firme, e á intensidade das perturbacións ocasionadas na tranquilidade ou no pacífico exercicio dos dereitos de outras persoas ou actividades, na salubridade ou ornato públicos, no uso do servizo ou espazo públicos por quien teñan dereito a utilizarlos, e no normal funcionamento dos servizos públicos.

Artigo 37.- Reparación dos danos e indemnización.

No caso de actos que causen danos a bens de titularidade pública, a resolución do procedemento sancionador conterá un pronunciamento expreso sobre os seguintes extremos:

- a) A esixencia ao infractor da reposición ao seu estado orixinario da situación alterada pola infracción.
- b) Cando elo non fose posible, a indemnización polos danos e prexuízos causados, se estes quedasen determinados durante o procedemento. Se o importe dos danos e prexuízos non quedou establecido, determinarase nun procedemento complementario, susceptible de terminación convencional, cuxa resolución porá fin á vía administrativa.

Artigo 38.- Prescripción.

- 1. As infraccións leves prescriben aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.
- 2. As sancións impostas por infraccións leves prescriben ao ano, por infraccións graves aos dous anos e por infraccións moi graves aos tres anos.
- 3. O prazo de prescripción das infraccións comezará a contarse desde o día no que a infracción se cometese, e o das sancións desde o día seguinte a aquel no que adquirira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A efectos do previsto nos arts. 16, 27 e concordantes, concédese un prazo de seis meses dende a entrada en vigor da presente Ordenanza durante os que non se aplicarán as medidas sancionadoras previstas na mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

Quedan sen efecto as anteriores ordenanzas ou regulamentos relacionados coas materias obxecto da presente Ordenanza."

I.5.- ACORDO RELATIVO AO CONTROL DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 10 de decembro de 2015, tomando como base a moción presentada polo concelleiro José Cuevas Raposo, en representación do grupo Nigrán Decide, propón ó Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Que se inicie expediente administrativo para reclamar a empresa concesionaria do Servizo de Recollida de Residuos e Limpeza viaria todos os posibles importes non prescritos que se tifan que ter descontado do canon polos ingresos recadados a través dos distintos Sistemas Integrados de Xestión.

SEGUNDO: Que dentro das súas competencias de inspección dos servizos municipais, realice as accións necesarias para que mensualmente se executen os sistemas de vixilancia e control previstos no capítulo XI do contrato dos Servizos de Recollida de Residuos e Limpeza viaria, para o cal, tal como está previsto no contrato, se desconte un un 1,5% da facturación mensual do contratista, para a retribución por asistencia técnica exterior, para o control dos servizos contratados segundo se indica no punto anterior.

TERCEIRO: Que en función do resultado destes sistemas de vixilancia e control, sexan descontados do canon mensual os traballos non realizados.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Le a parte dispositiva da proposta e explica as razóns da mesma. Nos últimos anos entenden que se pagou de máis a CESPA por este concepto. Os alcaldes sucesivos son coñecedores destes incumplimentos. Tamén se pide o control mensual con cargo á partida prevista no contrato. Fixose unha auditoría da que se deriva a confirmación de incumplimentos. A propia empresa reconoce déficit. Recorda que fixo preguntas sobre este particular.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Pensa que debería deixarse sobre a mesa, porque falta información. Teñen copia da auditoría pero faltan trámites e cálculos que permitan establecer unha conclusión. A decisión corresponde ao Alcalde.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: Por alusións Pagábanse facturas avaladas. O

que se fixo foi aumentar os controis. En certos casos devolvéronse facturas pola deficiente prestación de certos servizos. Agora hai que rematar o proceso.

D. Antonio Fernández Comesafaita, do grupo UCN: Comparte o espírito da moción. A auditoría finánciase pola empresa, polo que non hai escusa para facela. Ademais é necesaria a satisfacción dos usuarios para avaliar as revisións de prezos. Os incumplimentos débense comixir. Pide que se acelere o expediente.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG. Está de acordo coa proposta. Non vale a estimación. Os importes improcedentes deben descontarse. Recorda que requirió que se pedisen os xustificantes do plan de investimentos e agora reiterao.

Sr. García Pazos: Ao Sr. Fernández Comesafaita dille que a enquisa de satisfacción é para a revisión de prezos. A auditoría é outra cousa.

Sr. Alcalde-Presidente: Todos están de acordo no control. O anterior goberno iniciou este proceso de auditoría. Agora toca rematar o traballo despois de oír as alegacións de CESPA. Tras o informe da Enxeñeira estase na liña de avanzar cara á resolución, previos os informes xurídicos e económicos de rigor. De cara ao futuro hal que realizar a auditoría periódica. A moción de Nigrán Decide vai nesa dirección.

Sr. García Pazos: Mensualmente o técnico municipal debe validar os traballos. Insiste en que hai que rematar o expediente.

Sr. Cuevas Raposo: A moción vai na liña de facer auditorías mensuais, e detraer o que corresponda polas recollidas selectivas.

Sr. Fernández Comesafaita: Tanto a auditoría coma a enquisa son medios de control. Hai cuestións coma as campañas de concienciación, que non parece que se fagan na medida deseable.

Sr. Alcalde-Presidente: Non vai dicir que non á proposta, porque lle parece razonable.

Votación da petición do grupo Popular de que o asunto quede sobre a Mesa (art. 92 do ROF).- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 6; PP.
- Votos en contra: 11; PSOE, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Absencions: Ningunha.

Coa mayoría sinalada, o Pleno do Concello rexista a petición de que o asunto quede sobre a Mesa.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 11; PSOE, Nigrán Decide, UCN e BNG.



- Votos en contra: Ningún
- Abstencións: 6; PP.

Coa mayoría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta dílatinada pola Comisión Informativa.

I.6.- ACORDO RELATIVO Á UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DE CAFETERÍA NO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL "DUNAS DE GAIFAR"

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 10 de decembro de 2015, tomando como base a moción presentada polo concelleiro José Cuevas Raposo, en representación do grupo Nigrán Decide, propón ó Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2012 realizouse un contrato administrativo especial, cuxo obxecto era a "Utilización de Instalacións de cafetería no complexo deportivo municipal "DUNAS DE GAIFAR""

Entre as obrigas do adxudicatario establecen as seguintes

- Manter en bo estado as instalacións, incluíndo os servizos, vestiarios anexos, zonas verdes e deportivas.
- Facerse cargo dos gastos de consumo eléctrico, excepto os relativos aos focos das zonas destinadas específicamente á práctica do deporte. Indicando respecto a estes últimos que "o adxudicatario será responsable do acendido e apagado cando as circunstancias o requirran".
- Expedir, se así o acorde a Administración, os vales para a utilización das pistas deportivas e controla-lo seu correcto uso, ingresando o correspondente importe na Tesourería Municipal cunha periodicidade máxima dun mes e aportando as xustificacións oportunas, sen preuixido dos controles oportunos a realizar polo Concello.

Como consecuencia da execución desle contrato recadouse por parte do Concello entre os anos 2014 e nos 10 primeiros meses de 2015 de 2728 euros (Segundo datos facilitados polo concello).

Por outra parte os pagos que realizou o Concello de Nigrán polo gasto eléctrico das zonas destinadas específicamente á práctica do deporte poden estimarse aproximadamente entre 2500 e 3000 euros anuais.

No que va de ano consumíronse aproximadamente 4600 KWh e no ano 2014 consumíronse aproximadamente 6000 Kwh, que segundo a potencia das instalacións corresponderían 170 horas e 220 horas en cada ano respectivamente. Existindo como existen catro pistas de tenis se pode comprobar que as pistas de tenis das instalacións deportivas de

GAIFAR utilizáronse con iluminación un mínimo de 680 horas no ano 2015 e un mínimo de 880 horas no ano 2014 que segundo a ordenanza de prezos públicos polo uso de instalacións deportivas víxente durante estes dous anos (5,20 euros por hora ou fracción de uso de pista de tenis con iluminación) tería que terse recadado por este concepción unhas cantidades de 3536 euros o ano 2015 e 4576 euros o ano 2014. Cantidades ás que habería que sumarlle as taxas polo uso das pistas de tenis sen iluminación, que teñen un prezo público da 3,84 euros hora ou fracción.

Esta situación permite afirmar que existe unha falta de control sobre o cobro dos prezos públicos polo uso das pistas de tenis das instalacións de GAIFAR, das que é coñecedor, tanto o Concello, como o actual Alcalde de Nigrán, sen que se tome ningunha medida de defensa dos dereitos dos veciños, neste caso o dereito do Concello a percibir uns ingresos cos que se pagarian servizos públicos tan necesarios para toda a veciñanza de Nigrán.

Polo exposto, o Grupo Municipal NIGRÁN DECIDE propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Que se establezan as medidas necesarias para que non se repita esta falta de control sobre o cobro do prezo público polo uso das pistas de tenis nas instalacións deportivas de GAIFAR.

SEGUNDO: Que se valore o cumplimento do actual contrato para, se procede, se inicie o procedemento administrativo para a incautación do aval do contrato conforme ao previsto na Lei de Contratos.”

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: A cuestión é que falla o control dos contratos. Retiran o punto que se refire ás bases. Manteñen o apartado segundo. Menclona os motivos da moción e sinala que hai ingresos que non chegaron ao Concello.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Votarán a favor da parte que queda da moción. Sorprendelle que non se poidan incluir no prego estas medidas.

Dª Liliana Silva Pequillo, do grupo Popular: As pistas de tenis tamén as utiliza un clube. Non se trata de obter un beneficio polas actividades deportivas

D. Antonio Fernández Comesaría, do grupo UCN: O que está ditaminado pola Comisión é o acordo completo. Hai unha dúbida sobre as pistas de pádel actuais pola falla de control. Parece que a concesionaria non está prestando o servizo desde hai un mes. Pode ser un incumplimento grave. Sorprende que non se prorrogue e non se acelere o proceso da nova contratación, e que exista responsabilidade polos incumplimentos actuais. Perdeu a oportunidade o Alcalde de consensuar o prego e pide que se facilite copia do mesmo e dos informes correspondentes. Ademais, insiste no control do exercicio da actividade

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BN: Pensa que valen os dous apartados da proposta E que haxa clubes que poidan disfrutar gratuitamente pero en condicións de control.



Sr. García Pazos: A maior parte das medidas de control corresponden ao prego. Sobre os incumplimentos, o Alcalde debería poñer os medios para remediarlos.

Sr. Alcalde-Presidente: Conforme con que se mellore o control, sen prexuízo de apostar polo deporte.

Sr. Cuevas Raposo: O control tamén pode ser a posterior e iso inclúe o uso polo clube de tenis.

Dª María Carmen Alonso Macías Jorrela, do grupo Popular: Pregunta polo importe da licitación.

Sr. Alcalde-Presidente: Indica que sobre os 22.000 euros, baseado no criterio da oficina de contratación.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: No prego anterior había un forte investimento.

Sr. Cuevas Raposo: Mantén os dous puntos da proposta.

Sr. Fernández Cormesaña: Sería bo contar co estudio económico utilizado para fixar o canon.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa mayoría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta dilaminada pola Comisión Informativa.

I.7.- MOCIÓN DE URXENCIA:

Moción 1.- Do grupo municipal do BNG: APOIO A MAITE NIOURIÑO RICÓN

Texto da Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema vixente de representación política fundáméntase na liberdade do pobo para poder elixir libremente os e as súas representantes, do mesmo xeito que deben ter a liberdade e o respeito democrático de toda a sociedade para poderen participar dessa elección desde as ideas e principios que defenden. Así, é intolerábel que se persiga ideologicamente a unha persoa polo feito de participar nunha candidatura e, incluso, poída chegarse ao extremo de despedirla do seu posto de traballo.

Acontecementos deste tipo seguen a ser, lamentavelmente, unha realidade no noso país. Nas

pasadas elección municipais, Maite Mouríño Ricón, presentouse como número tres da candidatura do BNG polo concello de Pazos de Borbén. Isto motivou o despedimento por parte da empresa ESYCSA (Equipos de Señalización y Control S.A). Este despedimento constitúe un claro caso de discriminación e represión política, chegando ao extremo de someter a esta persoa a un proceso inxustificábel de espionaxe e seguimento durante a campaña electoral.

Dáse a circunstancia de que esta empresa obtivo contratos neste concello, polo que cumpre tamén actuar desde esta corporación municipal en defensa dos dereitos más básicos dos traballadores e traballadoras. Entre elles, os dereitos inalienábeis a seren respectados pola súa ideoloxía e a participaren libremente na actividade política.

Estas actuacións son moi graves desde unha perspectiva democrática, e non poden ficar impunes. Polo exposto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO

I. Rexitar o comportamento antidemocrático da empresa ESYCSA, instándolle a que proceda á inmediata readmisión de Maite Mouríño Ricón.

2. Expressar publicamente o apoio e solidariedade do Pleno da Corporación con Maite Mouríño Ricón, así como con todas aquellas persoas que sufren calquera tipo de medida coercitiva ou represiva por exercer os seus dereitos democráticos fundamentais, como é o dereito a presentarse nunha candidatura electoral de calquera formación política independentemente da súa cor ideolóxica.

Deliberación sobre a urxencia: Síntese das intervencións:

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Presentou ante a moción e mandoulla aos voceiros por correo electrónico. Mañá hai unha vista xudicial. Mais tarde perde a razón da urxencia.

Votación e acordo relativo á urxencia.- Sometida á votación a declaración de urxencia, obtense o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións. Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a declaración de urxencia.

Deliberación sobre o fondo do asunto.- Síntese das intervencións:

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Trátase dunha persoa á que lle custou o posto de traballo o ir nas listas do BNG ás municipais noutro concello da Provincia. A empresa que traballa para a Administración, despidea por ese motivo. Levaba moitos anos na empresa e a nova dirección de Madrid adoptou esta decisión. De aí a proposta, á que lle da lectura.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Trátase dun tema pendente de xuízo. Nós non debemos adiantarnos, por iso está de acordo co segundo parágrafo sen entrar a xulgar o caso.



concreto. Se non se fai así absterase.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Está de acordo cun rexixitamento coma este e pensa que o que menos importa é de onde é quén reprime.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Condena este tipo de comportamentos pero descoñece o caso concreto. O momento non parece o opportuno para adoptar o acordo que se propón. Absterase, porque esta non é o foro para a decisión.

D. Diego García Moreira, do grupo Socialista: Prefiren a prudencia. Están de acordo co segundo punto.

Sr. Rodríguez Fernández: Se o despido é improcedente, a empresa arranxará o tema cunha indemnización. Acepta retirar o primeiro punto e manter o punto 2

Sr. García Pazos. É moi máis que un tema laboral.

Votación e acordo sobre o fondo do asunto.- Previa votación ordinaria, adóptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 11; PSOE, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 6; PP.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello ACORDA:

Expresar publicamente o apoio e solidariedade do Pleno da Corporación con Maite Mourão Ricón, así como con todas aquelas persoas que sufren calquera tipo de medida coercitiva ou represiva por exercer os seus dereitos democráticos fundamentais, como é o dereito a presentarse nunha candidatura electoral de calquera formación política independentemente da súa cor ideolóxica.

Moción 2.- Do grupo Popular: APONO AO CERTAME DE RONDALLAS

Texto da Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

o novo goberno da Deputación Provincial de Pontevedra tomou a decisión de non celebrar o tradicional "Certame de Rondallas" que esta institución organiza desde 2010. data na que a administración que anteriormente realizaba este evento, o Concello de Vigo, decidiu anularlo despois de 34 edicións.

As rondallas son un sinal de identidade desta provincia xa que non existen coas mesmas características nouros lugares. Son parte enraizada da nosa cultura na que participan multitud de persoas de todos os ámbitos, dende mestres e músicos profesionais, ata afeccionados de todas idades que atopan nelas a forma de achegarse á cultura popular dende a paixón que

sénten por formar parte dunha rondalla cada tempada.

o "Certame de Rondallas" é unha data sinalada no calendario dos máis de 1.500 rondalleiros e rondalleiras, e tamén para as preto de 12.000 persoas que cada edición enchan o IFEVI nun espectáculo de música, baile, tensión, alegria e sobre todo paixón.

Moi poucos eventos en toda Galicia poden presumir de acoller semellante éxito e seguir crecendo ao longo dos anos.

Non se entende que o novo goberno bipartito da Deputación faga desaparecer este certame. Unha vez máis, un goberno bipartito BNG-PSOE pon en perigo a nosa cultura: primeiro no Concello de Vigo, e agora na Deputación Provincial de Pontevedra.

o responsable de Cultura do goberno provincial alegou a falta de tempo nunha reunión cos organizadores do evento, cando estes levaban dende setembro agardando ser recibidos. Esta nefasta xestión provoca que as rondallas vexan como se ménospreza o traballo que levan facendo durante meses.

Pola súa parte a presidenta da Deputación fixo referencia ao gasto que supon este evento. Defendemos que a cultura non debe ser entendida coma un gasto senón coma unha inversión, que ademais de manter as tradicións do noso pobo, xera riqueza e postos de traballo nos montaxes do certame, autobuses para as rondallas, adquisición de vestuario e instrumentos, honorarios de mestres, músicos etc.

Por estes motivos, solicitamos que se adopte o seguinte ACORDO:

Instar ó goberno da Deputación de Pontevedra a celebrar o "Certame de Rondallas" e non facer desaparecer un elemento cultural propio da provincia de Pontevedra.

Deliberación sobre a urxencia: Síntese das intervencións:

Dª. Liliane Silva Pequero, do grupo Popular: Estas son as datas nas que se viña organizando o festival de rondallas. No próximo Pleno será tarde.

Votación e acordo relativo á urxencia.- Sometida á votación a declaración de urxencia, obtense o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún
- Abstencions: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a declaración de urxencia.

Deliberación sobre o fondo do asunto..- Síntese das intervencións:

Dª. Liliane Silva Pequero, do grupo Popular: Refirese aos antecedentes e ao feito de que a Deputación o suprima por custo excesivo. A de Parada non poderá participar.

Sr. Alcalde-Presidente: É certo que se viña facendo. O custo é de 80.000 euros. A Deputación



non está en contra das rondallas, querén apoialas e pretenden pagarlle por un acto que poidan organizar cada unha delas. O que se quere evitar é o negocio do IFEVI e o da empresa que o organiza. El estivo coa de Parada e farase doutro xeito.

D. José Cuevas Raposo, do grupo *Nigrán Decide*: Non van entrar nun tema que non coñecen.

D. Antonio Fernández Comesafía, do grupo *UCN*: Non se di que prexuzos ten para Nigrán. Parece unha moción tipo e de confrontación entre formacións políticas. Absterase.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo *BNG*: O BNG asumió a área de cultura da Deputación. O que se busca é contratar directamente ás rondallas para que actúen no seu ámbito específico. Está a favor desta actuación da Deputación.

Sra. Silva Pequeño: Non son incompatibles as actuacións conxuntas e individuais. O custo é proporcional á importancia do evento.

Sr. Alcalde-Presidente: O que se fai é unha subvención directa a cada rondalla.

Votación e acordo sobre o fondo do asunto.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar

- Votos a favor: 6; PP.
- Votos en contra: 8; PSOE e BNG.
- Abstencións: 3. *Nigrán Decide* e UCN.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a moción

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBIERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Cancelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 1 de novembro de 2015 e o 30 de novembro de 2015, ambos incluídos.

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- D. José Cuevas Raposo, do grupo *Nigrán Decide*:

- 1.1. ¿Existe algúna normativa de venda ambulante no Concello de Nigrán?

Sr. Alcalde-Presidente: Non existe ningunha normativa concreta, se rixe pola normativa xeral de venda ambulante.

- 1.2. En catro ocasións os representantes dos traballadores sollicitáronlle a reunión da

Mesa de Negociación, ¿fixoee a Mesa xeral de negociación?

D. Diego García Moreira, concelleiro delegado: Houbo varias mesas de negociación cos traballadores para as diferentes bases das convocatorias que si foron convocadas. Paralelamente a isto fomos programadas todos os meses unha reunión periódica cos representantes legais dos traballadores. ¿Podes concretar a que tipo de mesa de negociación te refires?

Sr. Cuevas Reposo: O que quero saber é se todo o que solicitaron negociar o estades a negoclar con eles.

Sr. García Moreira: Si

1.3. ¿Que norma permite ao Concello ordenar a efectiva conexión á rede de saneamento advertindo que o Concello pode facelo subsidiariamente á costa dos interesados ou que se poidan poñer multas coercitivas por iso?

Sr. Alcalde-Presidente: Pedíun un informe que no resumo pon que existe a obraga legal de conexión ao servizo municipal de saneamento cando concorran certas condicións. Cando o incumprimento poida afectar á salubridade das vivendas e ao medio ambiente en xeral é posible ordenar dita conexión a través da figura de orde de execución. As ordes de execución poden executarse forzosamente a través da imposición de multas coercitivas ou mesmo a través de executions subsidiarias das obras polo Concello á costa do interesado.

1.4. Rogo que na web do Concello, no apartado de transparencia, que aparezca un responsable

2.- D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:

2.1. ¿É verdade que na modificación que propuxo no proxecto de adecuación das marxes do río Miñños encargouse xa a deseño dunha parte da área deportiva na que se inclúen xa unhas pistas de atletismo?

Sr. Alcalde-Presidente: Si, encargouse xa unha parte na área deportiva.

Sr. García Pazos: No último Pleno quedamos en qué, a ser posible, é un tema de futuro, as decisións sobre esa área as tomáramos de forma conxunta. Eu entendo que o que debeu, e con boa intención, foi aproveitar o orzamento municipal que había para iso para facer unha infraestrutura municipal, pero estes temas de futuro tiña que comentalo co resto dos grupos políticos.

2.2. Como as actividades deportivas e culturais empezaron ou empezan a mediados de decembro e o prezo público que se aprobou fai referencia a seis meses ¿van a durar ata mediados de xuño?

Sr. Alcalde-Presidente: Esa é a intención.



2.3. Unha cousa son as reunións cos representantes sindicais municipais, que se poden ter en calquera momento. e outra cousa é a Mesa Xeral de Negociación, na que están os representantes dos sindicatos na Función Pública e os acordos que se toman alí son vinculantes

3.- *Dª. Liliana Silva Pequeño, do grupo Popular:*

Antes de investir fondos públicos nunhas pistas ou calquera instalación deportiva, primeiro mantefiamos o que temos. Recordemos que o pavillón está como está.

4.- *Maria Carmen Alonso Macías Jorrote, do grupo Popular:*

Quería saber como está o expediente de contratación da empresa de axuda a domicilio; se xa está publicado, porque acabó á finais de decembro e ten que estar unha empresa nova tendo en conta o desastre da actual.

Sr. Alcalde-Presidente: O desastre da actual non será responsabilidade nosa. Estase traballando nese prego de condicións. Está feita unha proposta polo servizo de contratación, esa proposta pasou ao departamento de Intervención e ao goberno, e entre as achegas de Intervención e goberno estase facendo unha contratación que vai ser moi máis garantista para os usuarios e para as traballadoras

Sra. Alonso Macías Jorrote: Non vai dar tempo antes de principio de ano e vai ter que prorrogarse o contrato anterior.

Sr. Alcalde-Presidente: Iso xa o poñen as bases. Hoxe manterímos unha reunión co servizo de contratación onde incluímos un montón de cláusulas que son moi máis garantistas para os traballadores e tamén para os usuarios. O prego xa está en contratación despois de pasar por Intervención, en nada supón que vaya á publicación. Mientras non entre en servizo a seguinte empresa concesionaria os traballadores teñen que seguir traballando e os usuarios seguir tendo atención.

5.- *D. Antonio Fernández Comesafía, do grupo UCN:*

Que nos faciliten os pregos administrativos e técnicos do servizo de axuda no fogar así como os informes, de existir, de Secretaría e Intervención.

Sr. Alcalde-Presidente: O das pistas de tenis é inmediato e o outro en canto estea listo.

6.- *D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:*

6.1. Inaugurouse unha exposición de fotografía titulada Terranova, dun veciño de Puegue. Me gustaría saber en que horario se pode ver.

Sr. Alcalde-Presidente: Por agora, no momento en que haxa actividades no auditorio.

Sr. Rodríguez Fernández: Iso de cara ao cidadán está moi mal. Rógolle entón que se se publicita en prensa, que se estableza un horario. Esta pregunta lla fago porque hoxe mesmo unha muller viu dende Vigo e non puido vela.

6.2 Gustariame saber tamén no marco das obras de acondicionamento que se fixeron ao lado do colexio Humberto Juanes, que idea ten de que facer co edificio das antigas vivendas dos mestres.

Sr. Alcalde-Presidente: A previsión é adicálas a un edificio cultural que sirva como revulsivo para o centro de Nigrán. Xa se falou con algúna entidade, co Instituto de Estudos Miñoranos para facer unha actividade concreta. A posibilidade máis concreta é facer un arquivo de documentación de Nigrán.

Sr. Rodríguez Fernández: Está nunha ubicación ideal no centro de Nigrán, ao lado do Concello, e entendo que sería tamén unha ubicación excelente para que contase con algún tipo de sala polivalente que puidese estar a disposición dos colectivos de Nigrán para celebrar dende assembleas de clubes deportivos ata charlas, etc.

Sr. Alcalde-Presidente: Xa temos o auditorio.

6.3 Eu celebro que agora o PP tamén denuncie a situación do servizo de axuda no fogar. Xa fai dous plenos chamei a atención da situación das traballadoras do servizo. Chamei a atención e advertin que dada a situación existente, que se puxeran todas as medidas oportunas para ter rematado o procedemento de contratación a 31 de decembro, para non chegar así a 1 de xaneiro e a empresa que actualmente presta o servizo o siga prestando, porque non somos capaces de ter preparado o procedemento de contratación a tempo. É máis, a primeira vez que falei de problemática do servizo de axuda no fogar non foi nese pleno de outubro. Antes, xa naquelha xunta de portavoces e naquelha comisión informativa, advertin da cuestión. Vamos a chegar a 1 de xaneiro e vai seguir prestando o servizo a mesma empresa. A desculpa é, e eu sei que é así, que hai morto traballo, que hai muitas cousas que atender. Isto xa o sei, pero tamén hai prioridades, e tamén hai que exercer a autoridade e hai que establecelas. Antes falábamos de controlar concesionarias e da concesión da cafetería de Dunas de Gaión e nos contaban que xa mandaron publicar as bases. Igual é máis importante ter aberta a cafetería das Dunas que as traballadoras do servizo do fogar cobren. A pregunta é cando van contratar o servizo de axuda no fogar porque agora hai traballadoras que non cobran, hai traballadoras que lle deben máis de dous meses de soldo e a min me darla vergüenza, falo como Concello de Nigrán, ter contratado o servizo a alguén que non paga ás súas traballadoras. ¿Saben o que é isto? Isto é unha acta de inspección de traballo. Entre outras cousas di: "Gestión de acta de infracción por transgresión de lo dispuesto en los artículos .. por cuanto a la empresa no ha pagado el salario debido a las trabajadoras en los términos que ya constan en la relación de hechos". Isto é unha acta de inspección e sanción a esta empresa. "...en cuanto a la falla de alta en el Registro general de la Seguridad Social de la trabajadora xxxx por el periodo del 1 al 7 de abril de 2015 se ha procedido a extender acta de infracción y de liquidación de cuotas al régimen de seguridad social por dichos hechos ." En definitiva, estamos falando dunha empresa que estivo prestando o servizo de axuda no fogar no Concello de Nigrán con traballadoras sen contratar. Este señor non lle paga ás traballadoras. Non podería estar nin un dia máis prestando este servizo. Por iso había que quitar en tempo e forma o contrato. Esta empresa ten o contrato de Nigrán, de A Lama e



outros concellos por el. En todos ten a mesma problemática. Cando se da con infractores como este hai que solucionalo, e hai prioridades. Iso sen engadir queixas dos usuarios. O que pido é que se exerza a autoridade, que se establezan prioridades e que se fagan as cousas. Vaise facer a obra do soterramento do tendido eléctrico da rúa San Roque, moi necesaria, pois o que vostedes teñen na páxina web do Concello, * Las obras que se contratarán mediante un concurso público que se convocará de forma inmediata, cuentan con un presupuesto total de 160.708 €. É unha obra moi necesaria e que xa debería estar feita fai tempo, pero para isto si que se contratou de forma inmediata por concurso público. Eu pido as mesmas prioridades que para a cafetería de Dunas ou para sacar de forma inmediata a retirada de postes, que se faga para quien non cobra.

Sr. Alcalde-Presidente: ¿Que ten que ver soterrar co contrato de axuda a domicilio?. Non ten nada que ver, cada cousa vai ao seu ritmo e en departamentos diferentes. Estamos falando de algo muy prioritario e que ten que ser moi garantista para que non volva a pasar o que pasou ata agora. Vale a pena esperar un mes porque a nova empresa vai ter moi difícil que se repita o que pasou con este contrato e que a nós nos tocou tourear con el.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: O contrato deste servizo é un contrato que se fixo a través dun procedemento público cunhas bases que elaboran os técnicos desta casa. Tivemos unha fatal sorte de atopar un sen vergolla que gañou cos méritos do prego. Vostede leva 6 meses gobernando e se vostede prorroga o contrato o responsable será vostede.

Sr. Fernández Corresaría: En función da mesa de contratación, pone de manifesto que cando prima o prezo, atopamos que esta empresa é adxudicataria, porque ofertou a 10,90 sen IVE á hora de dependencia cando as outras eran a 11,60, 11,70, 11,90 e a máis cara a 12,26, cun importe máximo de 157 000 € que a dia de hoxe non sei senón está superado. Con respecto ás instalacións deportivas de Dunas de Gaifar, sería conveniente que pola Policía Local se realicen informes que acrediten que as instalacións deportivas e da cafetería están pechadas, por se hai que tomar medidas para Incautación do aval.

Sr. García Pazos: Hai un escrito do Tribunal de contratación en todos os Concellos que indica que a non ser que haxa motivos moi xustificados, en todos os procedementos de contratación debe terse en conta exclusivamente o prezo. Aquí a cousa cambia, porque hai un antecedente dun servizo malo por culpa diso. Se hai outros criterios estes son modulables e ás veces dirixense onde non deben dirixirse. Hai máis procedementos que están atrasados, o da limpeza, o das zonas verdes, polo que deberíamos facer primeiro o imprescindible, logo o importante e logo o demorable. Ao mellor estamos a facer primeiro o que non ten tanta transcendencia.

Sr. Rodríguez Fernández: Que se nos faciliten os pregos.

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

